



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO.- DESIGNACIÓN MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NO PROCESO SELECTIVO DE AUXILIARES DO SAF

Vista a proposta de membros realizada pola Excm. Deputación Provincial de Ourense para formar parte do Tribunal que levará a cabo a selección de sete postos de auxiliar do servizo de axuda no fogar do Concello de Lobios, en réxime de persoal laboral temporal, segundo as Bases aprobadas por resolución da Alcaldía de data 12 de Febreiro de 2016.

Visto o disposto na Base cuarta das que rexen a presente contratación, e en uso das facultades que me confire o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, así como no artigo 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear como membros do tribunal cualificador das probas selectivas para prover polo sistema de contratación laboral temporal de sete auxiliares do servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

Presidente/a: D. MANUEL VALENTIN PÉREZ NIETO, ADXUNTO XEFE DO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS, FORMACIÓN E RÉXIME INTERIOR

Secretario/a: DNA MARIA ANGELA GARRIDO MOVILLA, XEFA DO NEGOCIADO DE ADMNISTRACION E CONTROL.

Primeiro/a vogal: DNA SUSANA VISO TOUZA, ASISTENTE SOCIAL DE APOIO A ENTIDADES LOCAIS.

Segundo/a vogal: D. ESTEBAN FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, TÉCNICO ASESOR DESENVOLVEMENTO LOCAL E RECURSOS EUROPEOS NA ÁREA DE PRESIDENCIA.

SEGUNDO.- Convocar ás anteditas persoas para as 10.30 horas o día 6 de ABRIL, no Edificio Multiusos do Concello de Lobios, coa finalidade de proceder á realización dos exercicios correspondentes á fase de oposición, así como á avaliación en fase de concurso do currículo dos/as candidatos/as presentados/as, levantando acta cos resultados das probas realizadas así como de valoración de méritos e elevar a correspondente proposta de contratación á Sra. Alcaldesa.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos/ás interesados/as.

Lobios, 30 de Marzo de 2016

A Alcaldesa,


María del Carmen Yáñez Salgado



Ante min, a Secretaria


Marta Izquierdo Gamallo